



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes

Referencia: BDEP-A / 2018

Expediente: 201800005505

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA PROVINCIA 2018 - GRUPO A (12-17 ANOS) DURANTE O ANO 2018

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

ANTECEDENTES

1º.- A Resolución de Presidencia nº 37572 do 31/10/2018 aprobou a concesión provisional das Bolsas para deportistas da provincia 2018 - Grupo A (12-17 anos), e concedeu un prazo 10 días para comunicar, se é o caso, o desistimento da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros

2º.- No prazo de alegacións concedido presentanse as seguintes:

Lorena Costa Rama. Alega o seguinte: *“..vendo o historial deportivo presentado xunto coa solicitude de bolsa, cumpre co establecido para o Nivel 2, pois acadou un 4º posto na Campionato de España 2017 en Sabero (06/08/2017), un 6º posto na Copa de España en Mondariz (05/03/2017), un 4º posto na Copa de España en La Seu (02/04/2017), e dous 2º posto na mesma Copa en La Seu (07/05/2017) e Ponts (11/06/2017) e que cumpre tamén o requisito establecido para o Nivel 3, pois foi medallista no Campionato Autonómico 2017 celebrado en Dumbría (1º posto)”*.

Lucía Sicre Maside. Alega o seguinte: *“...la puntuación concedida a Lucía Sicre Maside por su historial deportivo debería ser de 30 puntos en lugar de los 20 asignados, ya que Lucía Sicre Maside fue internacional en su categoría durante la participación en el Festival Olímpico de la Juventud Europea (FOJE) celebrado en Gyor (Hungría) del 22 al 30 de julio de 2017, y conforme al punto 6.1.1. (baremo Grupos A y B, Nivel 2) de las bases de la convocatoria le corresponderían 30 puntos; por lo cual la puntuación total de Lucía Sicre Maside serían 38 puntos en lugar de los 28 concedidos, debiendo, por tanto, estar incluida en la concesión de las bolsas para deportistas grupo A”*

3º.- A base 6.1.1.–Historial deportivo.–, das da convocatoria de bolsas dispón: **“Asignaráselle á persoa deportista a puntuación correspondente ao resultado do maior nivel que obtivera no ano 2017 obtida en campionato oficial, ou campionato recoñecido pola federación deportiva correspondente”**.

4º.- Na acta das reunións do tribunal das bolsas para deportistas da provincia no ano 2018 consta que soamente poden considerarse os resultados obtidos en campionatos oficiais de deportes olímpicos, e determínase o xeito de valorar as solicitudes, de acordo co establecido na base 6.1, segundo o grupo ao que correspondan, de acordo co seguinte:

Historial deportivo.-

GRUPO A e B:

Nivel 2: **ata 30 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:**

* Clasificación entre os 6 primeiros no Campionato de España individual absoluto:

- 1º posto: 30 puntos
- 2º posto: 29 puntos
- 3º posto: 28 puntos
- 4º posto: 27 puntos
- 5º posto: 26 puntos
- 6º posto: 25,5 puntos

* Medallista nos Campionatos de España individual categorías inferiores:

- 1º posto: 27 puntos
- 2º posto: 26 puntos
- 3º posto: 25,5 puntos

* Ter sido internacional na súa categoría de idade ou superiores:

- categoría absoluta: 4 puntos
- categorías xuvenil e xunior: 3 puntos
- resto de categorías: 2 puntos

Nivel 3: ata 20 puntos. Estará integrado polas persoas que cumpren algún dos requisitos seguintes:

* Medallista en Campionatos autonómicos categoría absoluto:

- 1º posto: 12 puntos
- 2º posto: 11 puntos
- 3º posto: 10 puntos

* Medallista en Campionatos autonómicos categoría sub 23/promesas/elite:

- 1º posto: 8 puntos
- 2º posto: 7 puntos
- 3º posto: 6 puntos

* Medallista en Campionatos autonómicos categoría junior/xuvenil:

- 1º posto: 6 puntos
- 2º posto: 5 puntos
- 3º posto: 4 puntos

* Medallista en Campionatos autonómicos categoría cadete/infantil:

- 1º posto: 3 puntos
- 2º posto: 2 puntos
- 3º posto: 1 punto

* Medallista en Campionatos universitarios:

- 1º posto: 8 puntos
- 2º posto: 7 puntos
- 3º posto: 6 puntos

5º.- O 10.12.2018 reúnese o tribunal nomeado por Resolución da Presidencia nº 21786, do 21/06/2018, e estima a alegación presentada por Lucía Sicre Maside. Valóraselle no nivel 2, por ter sido internacional na súa categoría de idade ou superiores, polo que lle corresponde a seguinte puntuación:

- Historial Deportivo: 3 puntos (ter sido internacional en categorías xuvenil e xunior). Non se valora a participación nos campionatos de España por non acadar os postos indicados no baremo do Nivel 2.

- Club da Provincia: 3 puntos

- Proyecto deportivo: 5 puntos

Total puntuación: 11 puntos

6º.- Comprobase a puntuación outorgada polo tribunal a Lorena Costa Rama e conclúese que non acada os postos indicados no baremo do Nivel 2, polo que está correctamente valorada no Nivel 3.

Visto o informe do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes e o informe do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

1º.- Desestimar a alegación presentada por Lorena Costa Rama por estar valorada no nivel axeitado.

2º.- Estimar a alegación presentada por Lucia Sicre, e outorgarlle unha puntuación total de 11 puntos.

3º.- Conceder definitivamente as seguintes bolsas

EXPEDIENTE	SOLICITANTE	IMPORTE
2018000028598	ABALO SAMPEDRO, RODRIGO	3.000,00 €
2018000027511	BLANCO TARELA, IRENE	3.000,00 €
2018000032720	DE LA FUENTE FIAÑO, ANE	3.000,00 €
2018000027278	DOSIL GAGO, ANA	3.000,00 €
2018000029180	GARRIDO BRUN, JACOBO	3.000,00 €
2018000029335	GUILBERT PEREZ, LUIS	3.000,00 €
2018000028738	HORTA POMBO, CAETANO XOSE	3.000,00 €
2018000029202	LAGES BRION, ALEXANDRE	3.000,00 €
2018000027425	LOPEZ IGLESIAS, RAUL	3.000,00 €
2018000029405	MARTINEZ PACHON, GABRIEL	3.000,00 €
2018000029372	MARTINEZ VIDAL, ELISA	3.000,00 €
2018000029469	OTERO FERNANDEZ, PAULA	3.000,00 €
2018000029422	QUINTANS GARCIA, JORGE	3.000,00 €
2018000029362	ROMERO OURILLE, ANTIA	3.000,00 €
2018000029080	VAZQUEZ MESIAS, ANGELA	3.000,00 €

4º.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 0612/3411/481, fase A, operación nº 220180017435, do 04/06/2018, importe: 45.000,00€

5º.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art. 59.6.b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente